

1. [O señor cura non baila;
o señor cura non baila
porque che ten a coroa.
—Baile, señor cura, baile,
que Dios todo lle perdona!
- D' onde vés, María?*
D' onde vés, María?
—*Veño da verdura,*
que rico repolo
ten o señor cura!
Ten o señor cura,
ten o señor cura
debaixo da saia.
—*D' onde vés, María?*
—*Veño da ensalada!*
2. Quedaches de vir as nove;
quedaches de vir ás nove,
viñeches ás nove e media,
esas non che son palabras
de lle dar a unha morena.
3. Túa nai e maila miña;
túa nai e maila miña
quedan no río berrando
por culpa dunha ghaliña
que ten amores co ghalo.
4. A muller de Roque Troque;
a muller de Roque Troque
baila co cregho na i-eira,
Roque Troque está mirando
como a muller se peneira.
5. O cregho a maila criada;
o cregho a maila criada
i-andan aos carabullíños,
a criada caía de cú-e
i-e o cregho de fuciños.
6. Anduvéchest' alabando;
anduvéchest' alabando
que era-la flor da i-aldea,
aghora hast' alabar-e,
que ere-la moza máis fea.
7. Non te quero por bonita;
non te quero por bonita,
que xa sei que non a i-es-e;
quérote por moreniña,
polo saleiro que tes-e.
8. Maruxiña, dame un bico;
Maruxiña, dame un bico,
que che hei de dar un pataco
non quero bicos dos homes
que me cheiran o tabaco.
9. Por una ves que mo deches;
Por una ves que mo deches,
cinco mil réas che dei-e,
cinco mil demos cho leve,
que pagar, ben cho paghei-e.
10. Desd' a túa porta á miña,
da túa porta á miña
veño o lughar a meu soghro
máis quixera verlle o fillo
e non verlle o lughar todo.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades